

Daniela y la estrella. Un relato esquecido de Álvaro Cunqueiro

María Xesús Nogueira

Os relatos que Cunqueiro publicou, en edición privada, para persoas achegadas, interesaron en escasa medida á crítica, malia o seu valor derivado da rareza editorial e do feito de desenvolveren motivos e estratexias narrativas que están na cerna da súa obra.

De *Daniela y la estrella* dá noticia Antonio Odriozola na súa bibliografía, ao tempo que resolve o problema da autoría ocasionado pola circunstancia de non figurar neste opúsculo o nome de Cunqueiro. Reproducimos literalmente a súa información:

(Non consta o nome de Álvaro Cunqueiro), *Daniela y la estrella*. Jordán y Paula Casal Rivas.

Vigo, 1967. Edición privada costeada por el Notario Alberto Casal. Impresión Faro de Vigo. Enero 1967. (Col. Jordán). En 4º alongado 30 páxs. + tapas de cartón e camisa de color.

Escribíu o texto deste conto Álvaro Cunqueiro según me manifestou o propio Notario D. Alberto Casal, inda que non figure o seu nome nel¹.

A temática, as particularidades da edición e os seus destinatarios obríganos a situar este relato á beira doutras narracións dirixidas a un público infantil e editadas igualmente de maneira particular. É o caso de *Historia del Ángel*

¹ Antonio Odriozola, "Lembranza da súa vida e unha bibliografía máis da súa obra", *Grial*, nº 72, 1981, p. 247. Nunha recente bibliografía recóllese este título. Vid. Eulalia Agrelo Costas, "Bibliografía primaria", *La Voz de Galicia*, 20 anos do pasamento. *Álvaro Cunqueiro. A maxia na palabra*, 28 de febreiro de 2000, p. 45.

*Adriel, guardián de la puerta sur del Paraíso e Historia de una isla llamada Brenda*². Cómpre advertir que a publicación dos tres relatos está vinculada á colección Jordán, proxecto de carácter privado e non venal fundado por Alberto Casal³.

A narración desenvolve dúas diéxeses paralelas, a dunha estrela e mais a dunha nena que intercambian os seus papeis. De igual maneira que acontece noutros momentos da narrativa de Cunqueiro, especialmente nos relatos aos que nos estamos a referir, atopamos tamén aquí o motivo do nacemento-metamorfose⁴, neste caso dunha estrela a partir dunha pinga de orballo:

-Como gota de rocío, sólo durarás esta mañana. Pero si quieres convertirte en estrella, durarás eternamente.

[...]

El ángel se arrancó una pluma, depositó en ella la gota de rocío con una técnica solamente de los ángeles conocida [...].

O texto comparte tamén coa mencionada *Historia del Ángel Adriel, guardián de la Puerta Sur del Paraíso* a cosmovisión cristiá, á que o autor engade, no presente relato, un certo ton exemplarizante, baseado en conceptos como a

² Do primeiro deles sabemos, gracias a Antonio Odriozola, que apareceu nunha edición privada de Alberto Casal (vid. Odriozola, *ibidem*). No colón do segundo atopamos unha referencia a "este cuento infantil que escribió Álvaro Cunqueiro para Brenda Casal". Resulta evidente, polo tanto, a vinculación do amigo do escritor Alberto Casal con estes tres proxectos. Para estes relatos vid. María Xesús Nogueira, "Dúas pequenas historias cunqueirianas", *Boletín Galego de Literatura*, nº 18, 2º semestre, 1997, pp. 149-154.

³ O primeiro destes relatos viu a luz na colección Jordán no ano 1970; o segundo foi publicado polos "editores de la Colección Jordán", a xeito de homenaxe póstuma, no ano 1982. Armesto Faginas lembrou a amizade que uniu a Cunqueiro con Alberto Casal, a quen dedicou *Merlín e familia*. Vid. X. F. Armesto Faginas, *Cunqueiro. Unha biografía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991, pp. 184 e ss. O biógrafo cunqueiriano lembra tamén esta colección: "Por Antonio Odriozola, no seu "Lembranza a Álvaro Cunqueiro e unha bibliografía máis da súa obra", tivemos noticia -a que lle chega a través de Casal- de dous contos de Cunqueiro, publicados na "Colección Jordán", edición privada que costea o citado notario e non venal. Trátase de *Daniela y la estrella* (1967) e *Historia del Ángel Adriel, guardián de la puerta del Paraíso* (1970)" (op. cit., p. 186).

⁴ A metamorfose é o tema central de *Historia de una isla llamada Brenda*: "De una isla muy grande nació una vez una isla pequeña. [...] La isla cambiaba de forma. Al principio tenía la de una naranja, y poco después, una mañana de abril, apareció en forma de paloma. [...] Fue al finales del verano, cuando la isla, contra todo lo previsto, se cubrió de hierba verde; hierba que habiendo sido rociada por una suave lluvia vespertina, se convirtió en seda. Seda que los observadores comprobaron que envolvía el cuerpo de una niña". O motivo está tamen presente en *Historia del Ángel Adriel*, esta vez no marco dunha cosmovisión cristiá: "El pequeño Adriel tuvo durante algún tiempo dificultades con el tamaño de las alas, porque, habiendo nacido como de dos años -y todavía tambaleante-, de la palabra de Dios, una tarde en que éste estaba contento porque le habían salido tan bien como siempre unas nuevas mariposas blanquiverdes [...]. O subliñado é meu. As citas están extraídas da edición dos relatos mencionada na nota 2.

aprendizaxe e o fogar. En *Daniela y la estrella* asistimos á recreación dunha nómima heteroxénea de personaxes celestiais, pertencentes tanto á tradición cristiá como á imaxinación do escritor: Dios Todopoderoso, o profeta Daniel, os anxos, os arcanxos Izaquiel e Albinlaliel, San Goar, San Barandán e San Expedito⁵. Tal visión está en consonancia co colofón da obra:

Este cuento se terminou de imprimir en los talleres de Artes Gráficas de Faro de Vigo, en la festividade de la Epifanía, cuando ya se veían muy de cerca las linternas de guía de los señores Magos de Oriente.

Año de gracia de 1967.

¡Gloria
a dios en las alturas,
y paz en la tierra
a los hombres de buena voluntad!

Todo fai supoñer que o relato foi concibido como un agasallo de Nadal ou Reis. Por outra banda, o tema do Nadal⁶ está tamén presente no relato, concretamente na visita á Terra do Arcanxo Izaquiel para “cumplir encargos del Todopoderoso⁷”. Nótase a humanización do motivo do nacemento de Xesús que se aprecia na seguinte descrición:

-La primera vez a Belén, donde adoró al niño, y fue el primer niño que vio y le hizo mucha gracia, tan gordito y lloriqueando.

⁵ En *Historia del Ángel Adriel* aparecen, ademais do protagonista, outros personaxes celestiais: Dios, Timrael (“el huracanero celestial”) e o propio San Barandán: “Una vez la ballena salió de las aguas, con San Barandán arrodillado en su lomo, y rezando en gaélico [...]”. O autor recreou este personaxe en numerosos artigos de prensa. Cfr., entre outros, “El pesebre en el océano”, “Las bestias del tenebroso”, “Las bestias del verano” (Álvaro Cunqueiro, *Fábulas y leyendas de la mar*, Barcelona: Tusquets, 1986); “El viaje de San Barandán” (Álvaro Cunqueiro, *Viajes imaginarios y reales*, Barcelona: Tusquets, 1986). Cómpre lembrar ademais que Cunqueiro cristianizou, no artigo “El pesebre en el océano” a lenda de San Brandán, describindo a súa peregrinaxe a Belén para contemplar o nacemento do neno e trazando, deste xeito, “un arco iris [...] desde Finisterre hasta el Belén del Oeste”. Cfr. María Xesús Nogueira, “Habitantes da Fisterra. A presenza do celtismo na obra de Cunqueiro”, *Unión Libre*, nº 2. Por outra banda, cómpre lembrar que Cunqueiro anunciou en moitas ocasións o seu *Diccionario de ángeles*, proxecto do que nunca coñecemos unha versión rematada.

⁶ Cfr. “Olaf Gunnarson estivo en Belén” e “O leigo Vicino”, relatos de Nadal que Cunqueiro publicou no *Faro de Vigo* en 1962. Vid. para isto Ramón Nicolás, “Dous contos de Nadal de Álvaro Cunqueiro”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 20, 2º semestre 1998, pp. 83-86. En *Historia del Ángel Adriel* atopamos tamén unha alusión a esta festividade: “lo mejor sería que la familia asnar, por muy humilde que fuese y habiendo llevado a María con el Niño a Egipto y al Señor en su entrada en Jerusalén, no llegase al Paraíso”.

⁷ O narrador aproveita este motivo para se referir á lenda da fundación de Compostela: “el campo verde de Compostela a donde había bajado a poner una estrella de guía”.

Especialmente interesante resulta a transposición de elementos do tecido social e institucional (fundamentalmente, os mundos académico e científico) ao espazo celestial descrito na obra. Tal exercicio provoca, en ocasións, situacións humorísticas, como acontece na reprodución do letreiro que anuncia a *escola de estrelas*:

ESCUELA NOCTURNA
DE ESTRELLAS FIJAS Y FUGACES
ENSEÑANZA OFICIAL, LIBRE Y POR CORRESPONDENCIA –CURSOS ESPECIALIZADOS PARA
ESTRELLAS ENANAS Y DE LUZ INTERMITENTE- NO SE ADMITEN LUCIÉRNAGAS.

Neste exercicio debemos interpretar o desprazamento de códigos como unha estratexia na procura da verosimilitude non exenta de humor.

Hai, xa que logo, unha reprodución da estruturación da aprendizaxe académica neste espazo de ficción, que se manifesta na nomenclatura das materias “([clase de] situación)” ou na descrición alusión ao acto de graduación da estrela celebrado no paraninfo. Obsérvese tamén a graciosa descrición dos anos de silabario

que andan con las letras de las profecías de aquí para allá, en las aulas llamadas de la MIRADA ETERNA. No saben leer, y tienen la obligación de limpiar y mantener brillantes las iniciales⁸.

Outras veces é o mundo da ciencia o que aparece reproducido no universo da ficción:

[Daniela] cuando discurre entre los paralelos 16 y 20 se hace la remolona⁹.

⁸ Cfr.: “Para que Adriel se fuese acostumbrando al viento Sur, del que sería piloto en la puerta meridional del Paraíso le hicieron una cuna junto a la veleta, y para que no se equivocase en dar las voces que señalan la llegada de dicho viento a los jardines, pusieron en la veleta, donde marca el sur, una gran S de cristal [...]” (*Historia del Ángel Adriel*).

⁹ Cfr.: “Liña, en los primeros días, circuló por el espacio con la solemnidad debida, pero pronto aprendió que no teniendo satélites ni, debido a su pequeña masa, siendo capaz de realizar trabajos de atracción [...]”. Noutras ocasións reproducense feitos relativos á distribución de actividades no mundo laboral: “Daniela está en órbita, y ha sido de las estrellas convocadas a iluminar Belén en Nochebuena”.

A imaxinación desbordante do autor do relato resulta tamén evidente na escolla dos nomes dos seus personaxes: os arcanxos Izaquiel e Albinlaliel¹⁰.

Máis xenuinamente cunqueiriana resulta aínda a información onomástica que ofrece este pequeno relato, tanto no que se refire ás fórmulas e aos seus ámbitos de uso, como ao discurso metaonomástico¹¹:

La estrella se llamaba Liña porque había nacido en un linar. Su nombre, como el de todas las estrellas, era mucho más largo: Liñariña Keplerina Cebreriña Pluribella Azulerina Alfa 23456. Los ángeles, que pasean entre las estrellas, y los grandes astros, los planetas menores, las aves del Paraíso, y el mismo Dios Todopoderoso cuando echaba una mirada al bosque del Cielo, la llamaban Liña.

Y así fue como conoció a Daniela, que, aunque pequeñita, también tenía su nombre científico en los catálogos: Laura Daniela Casal Ribas¹².

Interesante resulta tamén a ficcionalización do autor real e a súa fusión, neste caso, co personaxe de Sinbad¹³. Tal simbiose resulta especialmente

¹⁰ O narrador volve desenvolver as súas estratexias de transposición de elementos especificamente humanos ao seu espazo de ficción: "San Expedito recogió la escena para la televisión interestelar". Cfr.: "Abría [Brenda] la boquita para sonreír, y era como si se encendiesen cien lámparas a un tiempo, y la luz de aquella iluminaba todo el reino. Esto llegó a preocupar a la central hidro-eléctrica, pues sus jefes se decían que si la niña Brenda se ponía a sonreír constantemente, bastaría con la luz de su sonrisa para el alumbrado público y privado" (*Historia de una isla llamada Brenda*).

¹¹ Esta información está tamén presente, aínda que en menor medida, nos outros dous relatos aos que nos acabamos de referir. Cfr.: "Y Adriel se reía, y de un soplo aventaba las palomas [...]. ¡En vez de Adriel debían llamarte Palomar!, decía Timrael"; "Como procedía de la mar, se buscó para la niña un nombre que recordase las antiguas horas prodigiosas del Océano, las navegaciones de los santos, los países en los que las hadas fabrican la primavera... Y los sabios y los astrólogos propusieron que la niña fuese bautizada Brenda".

¹² Cómpre reparar no valor identificador desta fórmula, así coma na súa correspondencia coa probable destinataria da composición. O personaxe de Daniela está tamén presente en *Historia del Ángel Adriel*. Obsérvense as semellanzas no que se refire á súa introducción no relato: "Un día, se dispuso por la Divina Autoridad que para pacificación del mundo y limpieza del alma humana, cada ángel podía escoger unos amigos infantiles en cualquier nación de la Tierra. Y Adriel, acordándose del niño que salvó del agua en Barra, decidió bajar allí, por si tenía hermanidos. Y encontró que jugaban en la playa dos niñas [...]. Oía como se llamaban una a otra, y por eso supo que una era Paula y la otra Daniela. [...] Y Adriel se frotó las manos y se rió solo cuando piensa en la sorpresa que va a darles, a Jordán el niño de la lancha y a Paul ay Daniela cuando sea autorizado a mostrarse a ellos con sus grandes alas".

¹³ O nome de Álvaro Cunqueiro fora xa obxecto de ficcionalización en relación co personaxe de Sinbad. Cfr.: "Si eu, Al-Faris ibn laqim al-Galizi, que pon en latino galego estas memorias, viaxes e descansos de Sinbad Mariñeiro [...]"

relevante se temos en conta a dimensión metafórica do vello mariñeiro cunqueiriano:

El más sorprendido fue el astrólogo y cronista, Simbad Cunqueiro Archimandrita de Mondoñedo, adivino que tenía como esfera de cristal una mágica estrella de mar, cogida en la playa de NERA.

O narrador extradiexético muda, sen embargo, a súa condición no derradeiro parágrafo do relato para converterse nunha instancia cooperadora, próxima ao personaxe de Daniela, que mesmo asume un ton colectivo:

Y todos sus amigos, en especial los firmantes de este relato, están esperando impacientes el regreso de Daniela, quien nos va a contar de palabra, y no por parpadeos, su increíble aventura. Y estamos igualmente todos, emocionados, organizando una fiesta de despedida a Liña, tan sumisa, tan risueña, tan cariñosa, a quienes todos hemos confundido con Daniela, y llamado por este nombre, en los meses en que ha permanecido entre nosotros, y, al subir, irán acompañándola hacia el cielo, globos, bengalas, músicas y cohetes.

Unha lectura deste relato esquecido de Álvaro Cunqueiro amósanos algunhas estratexias recorrentes no conxunto da súa narrativa: a procura da verosimilitude, o humor ou o discurso onomástico. Por outra banda, *Daniela y la estrella*, *Historia del Ángel Adriel, guardián del paraíso* e *Historia de una isla llamada Brenda*, textos semellantes en canto á súa intencionalidade primeira e á súa fortuna editorial, presentan un notábel grao de afinidade e serían merecedores dun estudio máis amplo, enriquecido tal vez por outros relatiños, saídos da pluma do Cunqueiro amigo, e dos que hoxe non temos coñecemento.

DANIELA Y LA ESTRELLA

La estrella se llamaba Liña porque había nacido en un linar. Su nombre, como el de todas las estrellas, era mucho más largo: Liñariña Keplerina Cebreriña Pluribella Azulerina Alfa 23456. Pero este nombre era solamente utilizado en los catálogos de los sabios. Los ángeles, que pasean entre las estrellas, y los grandes astros, los planetas menores, las aves del Paraíso, y

el mismo Dios Todopoderoso cuando echaba una mirada al bosque del Cielo, la llamaban Liña. Y ella acudía, sonriente, sin preocuparse demasiado de las leyes que rigen el movimiento de los astros. Como dijimos antes, había nacido en un linar. Una mañana de abril, en el linar que hay en el paraíso delante del pie derecho de Dios, en una florecilla azul –la primera de la linarada–, apareció una gota de rocío. Era tan bonita, tan redonda, brillaba tan suavemente a la luz del sol, que un ángel que pasaba por allí se dirigió a ella.

-Como gota de rocío, sólo durarás esta mañana. Pero si quieres convertirte en estrella, durarás eternamente.

Liña, que entonces aún no tenía este nombre y era simplemente Gota de Rocío, no entendía demasiado de estas filosofías, pero habiendo nacido bajo las estrellas –en aquel momento en que la luz matinal las borra–, aceptó lo que le decía aquel niño rubio y sonriente, con dos grandes alas carmesíes. El ángel se arrancó una pluma, depositó en ella la gota de rocío con una técnica solamente de los ángeles conocida, y la llevó a un gran edificio hecho con ramas entrelazadas de abedul, alcapudre, haya y cerezo, en cuya puerta principal había un letrero que decía

escuela nocturna
de estrellas fijas y fugaces
enseñanza oficial, libre y por corres-
pondencia – cursos especializados para
estrellas enanas y de luz intermi-
tente – no se admiten luciérnagas

Gota de Rocío hizo un curso abreviado, y se distinguió por su vivacidad, los reflejos azules y la capacidad para la navegación aérea ondulatoria. Sus ensayos, alrededor de las Pléyades, causaron asombro en los observatorios astronómicos. El estrellero mayor, un arcángel llamado Izaquiel, le entregó al final del curso el diploma, la nombró científicamente y la situó, dado su origen campesino, en una órbita lo más posible cercana a la tierra. Liña los primeros días circuló por el espacio con la solemnidad debida, pero pronto aprendió que no teniendo satélites ni, debido a su pequeña masa, siendo capaz de realizar trabajos de atracción, podría permitirse el columpiarse, caer en picado sobre un monte, iluminar de pronto un espeso

estrellas, y con frecuencia, por las tardes, a la hora de las prácticas, llegaban ángeles y algunos santos a curiosear y distraerse con la nueva técnica. Especialmente los santos que habían vivido en los montes nevados, como san Goar, o los que habían navegado por el Océano, como San Barandán. El más sorprendido fue el astrólogo y cronista, Simbad Cunqueiro, Archimandrita de Mondoñedo, adivino que tenía como esfera de cristal un mágica estrella de mar, cogida en la playa de NERGA.

Aprobada con sobresaliente en Parpadeo, pasó a clase de Fugacidad. Durante varios días los profesores, Azrael y Abinlaliel discutieron si le convendría cola o cometa, o si la cola le restaría calidad a la luminosidad adquirida, mitad celestial, mitad carnal. Al fin se decidieron los maestros por darle una exhalación verdemar en días alternos, ya que estudiando las vacantes que había en el escalafón de estrellas, le correspondía a Daniela una posición semipermanente sobre el hemisferio boreal, siempre a la izquierda de Luna.

El día de la entrega de diplomas, anunció Izaquiel en el paraninfo la llegada del profeta Daniel, al que le había participado en un besamelamano que iba a ser graduada una estrella que llevaba su nombre. Daniel fue muy aplaudido. Vestido con túnica roja, y seguido por los leones de Babilonia, subió a estrados, y sonrió muy amablemente a Daniela. Esta, un poco más ruborizada de lo que correspondía a su sobresaliente en luz rosada, hizo las demostraciones previstas. Izaquiel, que le tomara mucho cariño, hizo venir de la tierra un trozo de prado, otro de playa con estrellas de mar, una acacia con mirlo, una viña con un tordo malvís, y finalmente, un gallo. Daniela hizo, pues, sus vuelos sobre paisaje conocido, se deslizó con sus característicos vaivenes, y cuando cantó el gallo, hizo con presteza lo que estaba mandado: ocultarse. Y lo logró tras el propio Daniel, con una rapidez que maravilló al profeta, quien, al despedirse, la acarició tiernamente. Ambos fueron ovacionados. San Expedito recogió la escena para la televisión interestelar.

En los momentos en que escribimos esta verídica crónica, Daniela está en órbita, y ha sido de las estrellas convocadas a iluminar Belén en Nochebuena. Por decirlo todo, hay que decir que Daniela tiene algo de morriña, y cuando discurre entre los paralelos 16 y 20, se hace la remolona, y mira hacia donde le han dicho en clase de Paisaje y Situación, por si es capaz de reconocer unas luces, allá lejos, en la colina, cerca del mar...

Y todos sus amigos, en especial los firmantes de este relato, están esperando impacientes el regreso de Daniela, quien nos va a contar de palabra, y no por parpadeos, su increíble aventura. Y estamos igualmente todos, emocionados, organizando una fiesta de despedida a Liña, tan sumisa, tan risueña, tan cariñosa, a quienes todos hemos confundido con Daniela, y llamado por este nombre, en los meses en que ha permanecido entre nosotros, y, al subir, irán acompañándola hacia el cielo, globos, bengalas, músicas y cohetes.

FIN

Este cuento se terminó de imprimir en los talleres de Artes Gráficas de Faro de Vigo, S. A., en la festividad de la Epifanía, cuando ya se veían muy cerca las linternas de los pajes de guía de los señores Magos de Oriente.

Año de gracia de 1967

177

¡Gloria
a Dios en las alturas,
y paz en la tierra
a los hombres de buena voluntad!